


KANDAHAR



Dirección, guión e montaxe: Mohsen Makhmalbaf.

País: Irán.

Ano: 2001.

Duración: 85 min.

Interpretación: Niloufar Pazira (Nafas), Hassan Tantai (Tabib Sahid), Sadou Teymouri (Khak).

Música: Mohamad Reza Darvishi.

Fotografía: Ebrahim Ghafouri.

Dirección de produción: Syamak Alagheband.

SINOPSE



Nafas é unha moza xornalista afgá refuxiada en Canadá. A súa irmán pequena vive en Afganistán e mándalle unha carta desesperada dicíndolle que decidiu quitarse a vida antes do eclipse de sol que se achega. Nafás huiu do país ó longo da guerra civil talibán. Decide voltar a Kandahar para axudar á súa irmán e tenta cruzar a fronteira entre Irán e Afganistán...

Viaxe ó país dos turbantes negros

por Olivier Weber

Embarcarse nunha viaxe ó país dos turbantes negros é como saltar ó descoñecido. É unha viaxe cara o irracional, o incomprendible. É como si alguén que viaxara a Afganistán, no momento en que cruza a fronteira, debiera deixar atrás todo indicio de comprensión. O Afganistán que nos amosa Makhmalbaf non é irreal; é un descenso á escuridade, unha expedición a outro mundo, un mundo doutra época na que a parábola máxica soamente subliña a triste realidade. Nafas, unha muller afgá afincada en Canadá, volta ó seu país para salvar á súa irmán que ameaza con suicidarse antes do seguinte eclipse de sol. De camiño, nos pobos, nas aldeas, nos camiños poeirentos, Nafas conta o que ve nunha gravadora. Seguimos á narradora nesa incursión no reino da loucura mentres avanza cada Kandahar, a cidade sagrada, alí onde nacen os loucos de Deus.

Todo está prohibido, o canto, a música, o vídeo, o cine, o teatro, as fotografías, os cadros, calquera representación da persoa. Atopámonos con nenos nunha *madrassa*, escola coránica, os mestres dun dogma radical, e un exército de eivados creado por anos de guerra, anos de loucura. Entre outeiros areosos e as dunas varridas polo vento, tamén atopamos á pantasma de Pasolini con imaxes de "As mil e unha noites". Pero esta vez, "As mil e unha noites" traen consigo a mensaxe da morte. Ata agora non se coñecera a Oriente lanzado a un paroxismo de morte, a un impulso suicida de tal calibre. Cando os talibán se fixeron co poder no setembro de 1996 en Kabul, prometeron un reino de pureza. Ó longo dun período, os habitantes de Kabul aplaudiron, encantados de ver ás bandas de estafadores e ladróns de pouca monta, colocados de haxix, huir diante dos "mulás". Pero a decepción non

tardou en chegar. “Talib” significa estudante de teoloxía. E eses alumnos, a cotío analfabetos, convertéronse no peor inimigo imaxinable da cultura e, sobre todo, da cultura afgá, tradicionalmente tolerante e hospitalaria. Afganistán viuse condenada a respectar innumerables prohibicións. Chegara o reino do silencio.



E a pureza? Está por doquier, dende logo, por exemplo, no tráfico de opio, os campos de amapolas brancas e vermellas que plantaban os talibán, e que converteu o país en sede dos maiores traficantes do mundo. 3.800 axentes de milicias relixiosas patrullan as rúas das cidades, os secuaces do Ministerio para a Promoción da Virtude e a Represión do Vicio. Verdadeiros tiranos, apalean os que esquecen rezar á hora prescrita, ou cuxa barba é demasiado curta, menos dun palmo, e ás mulleres que ousan ensinar un centímetro de carne ou se maquillan debaixo do velo. Entón, os líderes das milicias decidiron borrar o pasado e destruír as estatuas. Demoler o Bafa, o maior do mundo, para erradicar o pasado e inventar unha persoa nova, unha persoa soxulgada polo dogma nun país de vinte millóns de persoas no que máis dun millón atopou a morte. Os talibán, destructores de ídolos, queren apoderarse da memoria. Ao caer a noite, o único que se atopa ó percorrer as cidades de “Talibanistán”, nesta vella terra de verbas, contos, voces, é silencio, un silencio nacido do medo. A marabillosa e pura película de Mohsen Makhmalbaf, tan afinada como as cordas dun violín prohibido, é unha súplica vibrante que clama pedindo axuda. Unha súplica polas mulleres condenadas á ventaniña dos seus “burkas”, o velo afgán, o cárcere de algodón, a torre da soidade.

Unha súplica polos amputados, polas tropas de eivados, as filas de feridos polas minas, armas covardes que seguen atacando moito despois de que se calaran os canóns, coxeando cara os paracaídas da axuda internacional. Unha súplica contra o totalitarismo teocrático, o estalinismo relixioso que actúa sen medida neste país esquecido (despois da invasión norteamericana, as cousas, lonxe de mellorar, empeoraron visiblemente [nota do traductor]). Nafas, nun momento, exclama; “Puxen toda a miña alma nesta viaxe”. O eco da súa voz rebota na rede triangular que segue a súa mirada, todo un país está encarcerado, aniquilouse a esperanza. Tantas almas condenadas a deambular eternamente entre as areas e as montañas de Afganistán, fortalezas da nada. Os soldados monxes desterraron os sonos. Os turbantes negros mataron o amor.

